

XUNTOS FACEMOS MÁIS POR PASTORIZA

Pastoriza deu un paso importante no que se refire a melloras en termos de mobilidade, cunha forte aposta polas conexións e tamén pola súa seguridade. O compromiso a nivel educativo e deportivo de Pastoriza foi unha prioridade para o Concello.

FEITOS

- ✓ **NOVO COMPLEXO DE PISCINAS.** O Concello de Arteixo vén de inaugurar un moderno complexo deportivo que conta con dúas piscinas, un ximnasio de 500 metros e catro salas máis para diferentes actividades, nunhas instalacións situadas nunha ampla área verde.
- ✓ **NOVO CAMPO DE FÚTBOL E URBANIZACIÓN DO ENTORNO.** Unhas instalacións de aproximadamente 9.000 metros cadrados con céspede de última xeración, catro vestiarios para equipos, dous para árbitros, ximnasio, sala de fisioterapia... todo acompañado da urbanización axeitada das rúas do entorno, incluída a construción dunha rúa que comunica a praza do Santuario coa estrada de Suevos na que se permite o aparcamento.
- ✓ **MELLORA DOS CRUCES DA RÚA IGREXA e PASEO DO SANTUARIO COA TRAVESÍA DE PASTORIZA.** Mellorouse a visibilidade e aumentouse a seguridade dos condutores co derrubamento de varias vivendas que supoñían un perigo para o alto volume de tráfico que circula diariamente pola zona.
- ✓ **SENDAS NAS RÚAS JACQUES COUSTEAU, REXEDOIRO E FÉLIX RODRÍGUEZ DE LA FUENTE.** Como parte do Plan de Mobilidade Urbana, o goberno de Carlos Calvelo construíu tres sendas peonís nestas rúas que melloran as conexións e supoñen novos itinerarios entre Barriovivo e A Choupana, permitindo desprazamentos dende o centro social, a escola infantil e o parque, ata as proximidades do novo campo de fútbol.
- ✓ **DESENVOLVEMENTO DE BARRIONOVO.** Reurbanizáronse as rúas Barrionovo e Malveira con beirarrúas e calzada nova, ademais da apertura ao tráfico da segunda delas. Recuperouse a praza onde se atopa o centro social de Barrionovo, que levaba anos inutilizada.
- ✓ **URBANIZACIÓN NO ENTORNO DO INSTITUTO.** O Concello mellorou os accesos aos centros escolares de Pastoriza, pensando principalmente no tránsito de autobuses, pero tamén mellorando a seguridade de todos aqueles estudantes que se movan a pé.
- ✓ **MELLORAS NO COLEXIO BARRIONOVO.** Completa remodelación da planta baixa coa creación dun comedor, ampliación do patio con máis superficie e novo equipamento e ampliación do servizo de madrugadores para favorecer a conciliación das familias no día a día.
- ✓ **SENDA QUINTO PINTO - MACEIRA.** Mellora da conexión cunha senda de case medio kilómetro que dá acceso peonil ata o núcleo de Maceira e permite a comunicación con outras sendas.

PROXECTOS

- ✓ **URBANIZACIÓN DA TRAVESÍA DA PASTORIZA.** O Concello ampliará as beirarrúas, creará máis espazos verdes e abrirá unha nova rúa para a que se derrubarán as casas da Roxa, mellorando deste xeito a circulación e ordenando as conexións dos accesos para o tráfico peonil e rodado.
- ✓ **URBANIZACIÓN DAS RÚAS DA ZONA ESCOLAR.** Calvelo continuará coa mellora do entorno do instituto e a escola, ampliando as beirarrúas e renovando o pavimento das rúas Millareira e Agra Verde.
- ✓ **GRAN PARQUE E ZONA VERDE.** Para complementar as sendas da zona, construírse un gran espazo para veciñas e veciños de todas as idades entre a Avenida de Pastoriza e as rúas Rexedoiro e Félix Rodríguez de la Fuente. Haberá parque infantil e biosaludable ademais de pistas deportivas.
- ✓ **RECUPERACIÓN DO CASTRO DE PASTORIZA.** Xa está en marcha o proxecto que permita a limpeza vexetal da zona, a prospección con xeorradar, a creación dun sistema de camiños recuperando vías tradicionais e a sinalización deste patrimonio para poñelo en valor.
- ✓ **ESCOLA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA.** O parque forestal de Monticaño acollerá esta iniciativa que servirá para a formación profesional, tanto xuvenil como de adultos, co obxectivo de xerar postos de traballo na rama ecolóxica e na de xardinería e mantemento de zonas verdes para todo o concello.
- ✓ **MELLORA DA SENDA ENTRE MONTICAÑO E A VIRXE DE PASTORIZA.** Mantemento e modernización desta ruta que permite a conexión bordeando o parque ata chegar ao mirador.
- ✓ **CENTRO PASTORIZA CONCILIA.** O centro histórico de Pastoriza acollerá un edificio orientado a facilitar a conciliación de horarios das familias de todo o municipio, con servizo de atención a persoas maiores e nenos baixo a supervisión de persoal especializado.
- ✓ **MELLORA DA ZONA VERDE NO QUINTO PINO.** O Concello de Arteixo ten previsto comezar traballos de mellora e modernización deste parque e da súa zona de ocio.
- ✓ **HUMANIZACIÓN RÚA DO MOUCHO.** Iniciaranse tarefas para mellorar a comunicación e a seguridade de tránsito de vehículos e peonil entre esta rúa e A Maceira.
- ✓ **SERVIZO DE BICICLETAS PÚBLICO.** Con varias rutas que inclúan unha entre Meicende e Pastoriza, pola parte de atrás da igrexa de Pastoriza ata Sobrado, e outra que conecte o Quinto Pino, A Maceira e Vilarrodís.



- 1. O novo campo de fútbol de Pastoriza serviu para urbanizar o entorno cercano
- 2. Os veciños de Pastoriza poden disfrutar do cercano novo complexo deportivo con dúas piscinas
- 3. O goberno de Calvelo construíu novas sendas peonales nas rúas Cousteau, Rexedoiro e Félix Rodríguez de la Fuente
- 4. O goberno de Calvelo acometerá a urbanización dun tramo da travesía de Pastoriza a altura das casas da Roxa